

Plan de convivencia do centro

Edita: XUNTA DE GALICIA.
Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria

Ilustración: Marisa Calderón

Imprime: Grafisant, S.L.

Depósito Legal: C 252/2007

PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

Índice

1.-INTRODUCCIÓN.....	9
2.-FASES DO TRABALLO.....	10
2.1.-Constitución do Observatorio da Convivencia Escolar no centro.....	10
2.2.-Avaliación inicial.....	10
2.3.-Elaboración e posta en práctica do plan.....	10
3.-ESTRUTURA.....	12
4. MODELOS DE DOCUMENTOS DE USO NOS CENTROS.....	13
5. RECURSOS.....	14
6. BIBLIOGRAFÍA BÁSICA.....	18
ANEXOS	
ANEXO I. Constitución do Observatorio da Convivencia Escolar no Centro.....	29
ANEXO II. Aspectos básicos de avaliación inicial.....	30
ANEXO III. Avaliación de necesidades.....	31
ANEXO IV. Elaboración e posta en práctica do plan.....	32
ANEXO V. Documentos de autonomía pedagóxica, organización e xestión.....	33
ANEXO VI. Avaliación do plan de convivencia.....	39
ANEXO VII. Guía para a elaboración do plan de convivencia do centro.....	40
ANEXO VIII. Cuestionario de convivencia escolar no centro educativo.....	43
ANEXO IX. Recollida de información sobre un posible caso de acoso escolar.....	46
ANEXO X. Indicadores escolares sobre un posible caso de acoso escolar.....	47
ANEXO XI. Indicadores familiares sobre un posible caso de acoso escolar.....	48
ANEXO XII. Modelo de informe de acoso escolar.....	49
ANEXO XIII. Protocolo de actuación unha vez detectado o acoso.....	53
ANEXO XIV. Guía para a clarificación de posibles problemáticas no centro.....	55
ANEXO XV. Os sociogramas: indicadores do clima da aula.....	62

Prólogo

*“Se non podemos poñer fin ás nosas diferenzas,
contribuamos a que o mundo sexa un lugar apto para elas”
(Anónimo)*

A mellora da convivencia é prioritaria para toda a sociedade, e en especial para o eido educativo. Debemos lembrar que a educación se concibe como un instrumento de mellora da condición humana e da vida colectiva.

Facendo un pouco de historia, é sorprendente constatar como a educación, en cada fase da súa evolución, vai facendo fronte aos distintos retos que se lle van presentando: educar para construír estados; educar para toda a sociedade; educar máis e mellor, por máis tempo, buscando unhas metas cada vez máis ambiciosas para toda a mocidade.

A día de hoxe, o gran reto preséntase dentro da cultura de paz e da educación nos valores que permitan facer dos centros escolares lugares onde a convivencia e a xestión pacífica dos posibles conflitos estea plenamente integrada, non só no quefacer diario do profesorado e do alumnado, senón, e sobre todo, nos patróns básicos de comportamento da cidadanía do futuro.

Aínda que o desafío para a sociedade poida parecer moi ambicioso, debemos ter por seguro que seremos quen de superalo contando co traballo compartido entre as familias e os centros en prol da educación polos dereitos e deberes humanos, pola xustiza, polo respecto e pola paz.

Desde a administración educativa, ao inicio da nosa andaina, establecemos como obxectivo prioritario a mellora da convivencia escolar, para o cal, e nun primeiro momento, analizamos o que se estaba a facer noutros contextos, nacionais, europeos e mundiais. En todos os sistemas educativos estanse adoptando medidas de todo tipo para facer fronte á violencia escolar.

Cómpre lembrar que o noso obxectivo pon a énfase na mellora da convivencia: non se trata de atallar os problemas, senón de encontrar a maneira de previlos. Para conseguilo,

definimos dous ámbitos de actuación: os cambios na cultura escolar e a colaboración interinstitucional.

A cultura escolar é un dos elementos máis determinantes nun proxecto de mellora da convivencia escolar. Para transformar a maneira en que a comunidade educativa percibe, sente, comparte e se compromete nos procesos de elaboración democrática de normas e na resolución pacífica de conflitos, requírese da formación, da implicación e da coordinación de alumnado, profesorado e familias.

A colaboración interinstitucional é fundamental nun proceso de cambio. Os educadores ás veces séntense sós fronte aos conflitos de convivencia, especialmente naqueles casos en que sobrepasan o ámbito do contexto escolar e requiren doutro tipo de intervención. Polo tanto, a colaboración de axentes, sobre todo do ámbito municipal, contribuirá a unha abordaxe integral e máis exitosa desta situación.

En definitiva, a través do plan que a continuación se presenta, quixemos transmitir que os centros educativos terán que ser concibidos como espazos para previr e transformar o conflito social se pretendemos que cheguen a ser eses lugares onde fomentar unha cultura de paz e onde se oferte unha educación de calidade e equidade..

Laura Sánchez Piñón
*Conselleira de Educación e
Ordenación Universitaria*

1.-INTRODUCCIÓN.

Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais na procura de sociedades máis modernas, xustas e democráticas; máis igualitarias, cohesionadas e pacíficas, nas que fenómenos como o acoso escolar, a violencia doméstica, a violencia de xénero, o maltrato... non teñan cabida.

A educación para a convivencia responde á necesidade de formar unha cidadanía preparada para desenvolver a súa vida respectándose a si mesma, ás demais persoas e responsabilizándose dos seus actos. A presenza no currículo da nova materia de educación para a cidadanía e os dereitos humanos, con entidade propia, non nos libera da responsabilidade profesional de formar aos nosos alumnos e alumnas dun xeito comprensivo, harmónico e integral.

Os centros educativos son espazos onde compartir vivencias xuntos, iso é a convivencia. Desde que cada alumno e cada alumna traspasa o seu limiar, todo canto alí acontece, non só o que pasa dentro das aulas, adquire carácter educativo e pode facilitar ou dificultar a convivencia. Cando nun centro xorden problemas de convivencia, todas as persoas da comunidade educativa deben ser parte da súa solución.

Nesta liña, o Plan de Convivencia de cada centro educativo debe propiciar cambios positivos nos modelos de organización escolar, nos currículos, no profesorado, na formación permanente do mesmo, no alumnado, nas relacións coas familias; é dicir, no contexto xeral dos centros escolares.

A elaboración deste Plan é, sen dúbida, un proxecto ambicioso que require un importante esforzo de toda a comunidade educativa, pero tamén é un reto que cada centro debe asumir tendo un coñecemento o máis fondo posible da súa realidade de partida sobre a que ir artellando as súas propias accións de mellora, como un aspecto relevante do proxecto educativo do centro. Neste senso cobra unha vital importancia o labor que se debe levar a cabo desde a titoría coa conseguinte revitalización do plan de acción tutorial (PAT).

O obxectivo final é a mellora da convivencia en cada centro e en cada comunidade educativa como resultado da análise, da reflexión e do acordo; tendo en conta sempre que o primeiro Plan de Convivencia que elabora o centro é a pedra angular sobre a que se irán apoiando os sucesivos plans de mellora da convivencia.

2.-FASES DO TRABALLO

2.1.-Constitución do Observatorio da Convivencia Escolar no centro. (Anexo I)

En cada centro educativo deberá constituírse o Observatorio da Convivencia Escolar segundo o Decreto que regula a súa creación e funcionamento.

2.2.-Avaliación inicial

Cada centro debe analizar cal é a súa situación no momento de iniciar a súa elaboración. É necesario reflexionar en profundidade sobre **aspectos básicos de avaliación inicial** (Anexo II) relacionados coa convivencia e coas actuacións, máis ou menos sistematizadas, que se puideron levar a cabo con anterioridade.

A reflexión individual terá o seu complemento na reflexión colectiva de todo o profesorado, nun traballo cooperativo, estruturado e organizado desde o Observatorio da Convivencia Escolar do Centro.

En consecuencia, partírase da previa avaliación de necesidades (Anexo III), para atopar os puntos febles e fortes da convivencia no centro e organizar o traballo.

2.3.-Elaboración e posta en práctica do plan (Anexo IV)

Despois da xustificación e avaliación inicial deberánse ordenar os obxectivos en función da súa prioridade: haberá que clarificar por onde se vai empezar e que se vai abordar inicialmente. Débese ter presente que o plan é un proxecto en continua expansión e revisión e que non é o mesmo empezar de cero ca levar xa tempo traballando a convivencia e os valores cívicos e democráticos; do mesmo xeito, non é o mesmo o plan para un centro de educación infantil e primaria que para un instituto de educación secundaria.

Como todo proxecto encamiñado á acción, unha vez formulados os obxectivos que se espera acadar, propóranse as actuacións, os responsables, a temporalización, os destinatarios, os indicadores de logro, etc.

Continuarase coa fase de posta en práctica, na que se intenta implantar unha nova maneira de traballar a convivencia e a resolución pacífica de conflitos que ten que imbuír do seu espírito a todos os **documentos de autonomía pedagóxica, organización e xestión** (Anexo V) do centro: proxecto educativo, plan de acción tutorial, programación xeral anual, etc.

Como punto final, estaría o **seguimento e avaliación do Plan** (Anexo VI), que incluírá a verificación da consecución do proxectado e as propostas de mellora.



3.-ESTRUTURA

A estrutura do Plan de Convivencia basearase en dar resposta a unha serie de cuestións que inciden de maneira directa ou indirecta na convivencia escolar. **Guía para a elaboración do plan de convivencia do centro.** ([Anexo VII](#))

-Xustificación.

-Observatorio da Convivencia do Centro:

- ❖ Composición
- ❖ Atribucións
- ❖ Funcionamento

-Contextualización e Avaliación Inicial:

- ❖ Análise conceptual
- ❖ Análise dos diferentes contextos
- ❖ Análise da situación actual e das accións levadas a cabo
- ❖ Detección de necesidades

-Plan de Actuación:

- ❖ Obxectivos
- ❖ Accións: alumnado, profesorado, persoal non docente, familias, comunidade...
- ❖ Protocolos
- ❖ Temporalización
- ❖ Recursos: humanos e materiais

-Seguimento e avaliación:

- ❖ Espazos e tempos
- ❖ Instrumentos
- ❖ Recursos

-Conclusións e propostas de mellora

4. MODELOS DE DOCUMENTOS DE USO NOS CENTROS

ANEXO VIII. Cuestionario de convivencia escolar no centro educativo.

ANEXO IX. Recollida de información sobre un posible caso de acoso escolar.

ANEXO X. Indicadores escolares sobre un posible caso de acoso escolar.

ANEXO XI. Indicadores familiares sobre un posible caso de acoso escolar.

ANEXO XII. Modelo de informe de acoso escolar.

ANEXO XIII. Protocolo de actuación unha vez detectado o acoso.

ANEXO XIV. Guía para a clarificación de posibles problemáticas no centro.

ANEXO XV. Os sociogramas: indicadores do clima da aula.

5.-RECURSOS

5.1. PÁXINA WEB DO PLAN GALEGO DA CONVIVENCIA ESCOLAR DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

<http://www.edu.xunta.es/convivencia>



5.2 PORTAIS EDUCATIVOS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y CIENCIA : Portal de convivencia.

<http://www.convivencia.mec.es/>

MINISTERIO DE TRABAJO Y ASUNTOS SOCIALES : Observatorio de la infancia.

<http://www.mtas.es/SGAS/FamiliaInfanc/infancia/Observatorio/ObsInfancia.htm>

ANDALUCÍA: “Observatorio de la infancia en Andalucía”.

<http://www.juntadeandalucia.es/observatoriodelainfancia/oia/esp/index.aspx>

ANDALUCÍA: “Educación para la convivencia y la paz “.

http://www.juntadeandalucia.es/averroes/recursos/educacion_paz.php3

ARAGÓN: “Cuento Contigo” Portal de convivencia.

<http://catedu.es/convivencia/>

ASTURIAS: Documentación sobre acoso escolar.

<http://www.educastur.princast.es/recursos/diversidad/acoso/>

ASTURIAS: “Observatorio de la Infancia y la Adolescencia”.

<http://www.graficosweb.com/observatorio/>

BALEARES: “Observatori per a la Convivència Escolar”.

<http://www.observatoriconvivenciaescolar.es/>

CANARIAS: Portal educativo

<http://www.educa.rcanaria.es/>

CANTABRIA: “Observatorio para la convivencia escolar”

<http://www.educantabria.es/portal/>

CASTILLA-LA MANCHA : “Convivencia escolar”.

<http://www.jccm.es/educacion/valores/construir/convivencia.html>

CASTILLA-LEÓN : “Convivencia y conflicto”.

<http://www.educa.jcyl.es>

CATALUÑA : “Unitat de Suport a la Convivència Escolar “.

<http://www.xtec.net/innovacio/convivencia/usce.htm>

MURCIA: “Convivencia escolar”.

<http://www.carm.es/educacion>

EXTREMADURA: “Si te molestan, no calles”.

<http://www.educarex.es/acosoescolar/>

MADRID: “Anti-Bullying”.

<http://www.acosoescolar.info/index.htm>

LA RIOJA: “Convivencia escolar y atención a casos de acoso escolar “.

http://www.educarioja.org/educarioja/html/alm/acoso_escolar.html

NAVARRA: “Bullying. Quítate la venda”. Asesoría de convivencia.

<http://www.pnte.cfnavarra.es/convive/>

PAÍS VASCO: “www.ikasle.net”.

<http://www.ikasle.net>

VALENCIA: “Orientados”.

<http://www.cult.gva.es/orientados/>

5.3. OUTROS PORTAIS

Seminario Galego de Educación para a Paz: Fundación Cultura de Paz.

<http://www.sgep.org/>

Proxecto Atlántida: Educación e culturas democráticas.

<http://www.proyecto-atlantida.org/>

Cruz Roja Juventud : Páxina da mocidade da Cruz Vermella.

<http://www.cruzrojajuventud.org/>

Educación en valores : Convivencia.

<http://www.educacionenvalores.org/>

Orientaeduc.com : Convivencia escolar.

<http://www.orientaeduc.com/convivencia-escolar>

Enrédate con UNICEF: Violencia escolar

<http://www.enredate.org/>

Maltrato entre alumnos: Bullying

<http://www.xtec.es/~jcollell/index.htm>

Visionary: Violencia escolar e Bullying.

<http://www.bullying-in-school.info/es/content/home.html>

Centro Reina Sofía: Centro Reina Sofía para el estudio de la violencia.

<http://www.gva.es/violencia/>

6. BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- Ángel Panego, J., *Cómo podemos educar en valores*, Madrid, CCS, 1999.
- Alzate, R., *Análisis y resolución de conflictos. Una perspectiva psicológica*, Bilbao, Universidad del País Vasco, 1998.
- Armas Castro, M., *Alumnado con problemas de conducta*, Santiago de Compostela, Consellería de Educación, Xunta de Galicia, 2005.
- Armas Castro, M. e Armas Barbazán, C., *Violencia escolar (12-16 anos)*, Vigo, Nova Galicia Edicións, 2005, (Versión en galego e castelán).
- Armas Castro, M. e Armas Barbazán, C., *Violencia escolar (8-11 anos)*, Vigo, Nova Galicia Edicións, 2006, (Versión en galego, castelán e inglés).
- Armas Castro, M., *Cómo prevenir e intervenir en conflictos y problemas de conducta*, Madrid, Praxis, 2006.
- Arrieta, L. e Moresco, M., *Educación desde el conflicto. Chicos que molestan*, Madrid, CCS, 1992.
- Bolívar, A., *La evaluación de valores y actitudes*, Madrid, Anaya, 1995.
- Boqué Torremorell, M.C., *Guía de mediación escolar. Programa comprensivo de actividades de 6 a 16 años*, Barcelona, Octaedro_Rosa Sensat, 2002.
- Boqué Torremorell, M.C., *Tiempo de mediación. Taller de formación de mediadores y mediadoras en el ámbito educativo*. Barcelona, CEAC, 2005.
- Brandoni, F., *Mediación escolar. Propuestas, reflexiones y experiencias*, Buenos Aires, Paidós, 1999 (Incluye un vídeo).
- Burguet, M., *El educador como gestor de conflictos*, Bilbao, Desclee de Brouwer, 1999.
- Buxarrais, M^a.R., *La formación del profesorado en la educación en valores*, Bilbao, Desclee de Brouwer, 1999.
- Camps, V., *Los valores de la educación*, Madrid, Alauda/Anaya, 1994.
- Carrascosa, M^a J. e Martínez Mut, B., *Cómo prevenir la indisciplina*, Madrid, Escuela Española, 1998.
- Carreras, LL. e outros, *Cómo educar en valores*, Madrid, Narcea, 1995.
- Casamayor, G. e outros, *Cómo dar respuesta a los conflictos. La disciplina en la enseñanza secundaria*, Barcelona, Graó, 1998.

- Cascón, P. e González, M., *Vivamos la diversidad*, Madrid, Los libros de la Catarata, 1998.
- Cerezo Ramírez, F., *Conductas agresivas en la edad escolar: Aproximación teórica e metodológica. Propostas de intervención*, Madrid, Pirámide/Anaya, 2002.
- Colectivo Amani, *Educación intercultural. Análisis y resolución de conflictos*, Madrid, Popular, 1994.
- Cornelius, H., *Tú ganas. Yo gano*. Madrid, Gaia, 1995.
- Cornelius, H. e Faire, S., *Tú ganas y yo gano. Cómo resolver conflictos creativamente y disfrutar con las soluciones*, Madrid, Gaia, 1995.
- Cortina, A., Puig, J. e Martín, X., “Resolución de conflictos”. *Cuadernos de Pedagogía*. 257 abril – 1997.
- Crary, E., *Crece sin peleas. Cómo enseñar a los niños a resolver conflictos con inteligencia emocional*, Barcelona, RBA, (Col. Los Libros de Integral), 1998.
- Díaz Aguado, M^a J., *Programas de Educación para la tolerancia y prevención de la violencia en los jóvenes*, Madrid, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, 1996.
- Díaz Aguado, M^a J., *Escuela y tolerancia*, Madrid, Pirámide, 1996.
- Dios Diz, M., *Cine para convivir*, SGEP, A Coruña, Toxosoutos, 2001.
- Dios Diz, M., *Educar para la Paz, globalmente. Memoria dunha experiencia educativa*, Toxosoutos, A Coruña, 2002.
- Dios Diz, M., *Sobre la violencia nos medios de comunicación: unha educación necesaria*, SGEP, 2002.
- Dios Diz, M., *Educar nos afectos, frear a violencia*, Santiago de Compostela, SGEP, 2004.
- Fisas, V., *Cultura de paz y gestión de conflicto*, Barcelona, Icaria, 1998.
- Fisher, R. e Ury, W., *Obtenga el sí o el arte de negociar sin ceder*, Barcelona, Gestión, 1997.
- Galtung, J., *Sobre la Paz*, Barcelona, Fontamara, 1985.
- Galtung, J., *Tras la violencia, 3R: reconstrucción, reconciliación, resolución*, Bilbao, Bakeaz-Gernika Gogoratuz, 1998.
- García Correa, A., “La disciplina escolar: el gran reto del siglo XXI”, *Escuela Española*, 3268 (29 -II- 96), 1996.
- García Correa, A., “Una escuela pacífica para una cultura de paz”, *Escuela Española*, 3380 (1-X- 98), 1998.

- García Moriyón, F., *Derechos humanos y educación*, Madrid, Ediciones de la Torre, 1999.
- Gardner, H., *Las cinco mentes del futuro*, Barcelona, Paidós, 2005.
- Girard, K. e Koch, S., *Resolución de conflictos en las escuelas, Manual para educadores*. Barcelona, Granica, 1997.
- Goleman, D., *Inteligencia emocional*, Barcelona, Cairos, 1996.
- González Lucini, F., *Temas transversales y educación en valores*, Madrid, Anaya, 1994.
- Gotzens, C., *La disciplina escolar*, Barcelona, Horsori/ICE de la Universidad de Barcelona, 1997.
- Guarro Pallás, A., *Currículum y democracia. Por un cambio de la cultura escolar*, Barcelona, Octaedro, 2002.
- Imbernón, F., *Cinco ciudadanías para una nueva educación*, Barcelona, Graó, 2002.
- Iglesias Díaz, C., *Educar para a Paz desde o conflito*, Noia - A Coruña, Toxosoutos, 1999.
- Iglesias Díaz, C., *Educar para a Paz desde o conflito*, SGEP, Noia – A Coruña, Toxoutos 1999.
- Iglesias Díaz, C., *Destruír a guerra e construír a paz*, Noia – A Coruña, Toxosoutos, 2001.
- Iglesias Díaz, C., *Frente a la guerra y la violencia, construyamos la paz*, Santiago de Compostela, Lúdica 7, 2002.
- Iglesias Díaz, C., *Educar pacificando. Una pedagogía de los conflictos*, Madrid, Fundación Cultura de Paz, 2006.
- Iglesias Díaz, C., *Historia das relixións* (1º,2º,3º e 4º de ESO), Santiago de Compostela, Lúdica 7, 2006.
- Jares, X.R., *Educación para la paz. Su teoría y su práctica*, Madrid, Popular, 1991.
- Jares, X.R., *Educación y derechos humanos. Estrategias didácticas y organizativas*, Madrid, Popular, 1999.
- Jares, X.R., *Educación y conflicto*, Madrid, Popular, 2000.
- Jares, X.R., *Aprender a convivir*, Vigo, Xerais, 2001.
- Jares, X.R., *Educación y conflicto. Guía de educación para la convivencia*, Madrid, Popular, 2001.
- Jares, X.R., *Educar para la paz en tiempos difíciles*, Bilbao, Bakeaz, 2004.

- Jares, X.R., *Educación para la verdad y la esperanza*, Madrid, Popular, 2005.
- Jares, X.R., *Pedagogía de la convivencia*, Barcelona, Graó, 2006.
- Johnson, D. e Johnson, R., *Cómo reducir la violencia en las escuelas*, Buenos Aires, Paidós (col. Paidós educador), 1999.
- Judson, E., *Aprendiendo a resolver conflictos en la infancia. Manual de la educación para la paz y la no violencia*, Madrid, La Catarata, 2000.
- Lederach, J.P., *ABC de la paz y los conflictos*, Madrid, La Catarata, 2000.
- Lozano Paz, M., *Sobre la solidaridad*, Noia – A Coruña, Toxosoutos, 1999.
- Lozano Paz, M., *Sobre el ecopacifismo*, Noia – A Coruña, Toxosoutos, 2000.
- Lozano Paz, M., *Sobre la libertad*, Santiago de Compostela, Lúdica 7, 2003.
- Lucini, F., *Sueño, luego existo. Reflexiones para una pedagogía de la esperanza*, Madrid, Alauda-Anaya, 1996.
- Lucini, F., *Temas transversales y educación en valores*, Madrid, Alauda-Anaya, 1999.
- Lucini, F., *La educación como tarea humanizadora. De la teoría pedagógica a la práctica educativa*, Madrid, Anaya, 2001.
- Marín Ibáñez, R., *Los valores, un desafío permanente*, Madrid, Cincel, 1993.
- Marín Sánchez, M. e outros, *Sociedad y Educación*, Madrid, Eudema, 1996.
- Marina, J.A., *Aprender a vivir*, Barcelona, Ariel, 2004.
- Martineaud, S. e Engelhart, D., *El test de la inteligencia emocional. Como averiguar tu coeficiente emocional, la base de la inteligencia*, Barcelona, Ediciones MR, 2002.
- Martínez, M., *El contrato moral del profesorado. Condiciones para una nueva escuela*, Bilbao, Desclée de Brouwer, 1998.
- Maslow, A., *El hombre autorrealizado*. Barcelona, Cairós, 1991.
- Mayor Zaragoza, F., *Una cultura de paz. V Jornadas Internacionales de Cultura y Paz de Guernica*, Bilbao, 1997.
- Mayor Zaragoza, F., *Un mundo nuevo*, Barcelona, Galaxia Gutenberg, Ediciones UNESCO, 2000.
- Mir, C., (Coord.), *Cooperar en la escuela. La responsabilidad de educar para la democracia*, Barcelona, Graó, 1998.

- Moreno, A., *La otra política de Aristóteles*, Barcelona, Icaria, 1998.
- Morín, E., *Los siete saberes básicos para la educación del futuro*, UNESCO, 1999
- Muñoz Redon, J. (Coord.), *La bolsa de los valores. Materiales para una ética ciudadana*, Barcelona, Ariel, 1998.
- Oliveira, M., *La educación sentimental*, Barcelona, Icaria, 1998.
- Olweus, D., *Conductas de acoso y amenaza entre escolares*, Madrid, Morata, 1998.
- Ortega, R. e outros, *La convivencia escolar: qué es y cómo abordarla*. Consejería de Educación y Ciencia. Junta de Andalucía. 1998
- Ortega Ruiz, R., *La convivencia escolar: qué es y cómo abordarla*, Sevilla, Junta de Andalucía, 1998.
- Ortega Ruiz, R., *Educación la convivencia para prevenir la violencia*, Madrid, Machado Libros, 2000.
- Pascual, A., *Clarificación de valores y desarrollo humano. Estrategias para la escuela*, Madrid, Narcea, 1995.
- Payá Sánchez, M., *Educación en valores para una sociedad abierta y plural*, Bilbao, Desclée de Brouwer, 1999.
- Pérez Delgado, E. e Mestre Escrivá, M.V., *Psicología moral y crecimiento personal*, Barcelona, Ariel, 1999.
- Porro, B., *La resolución de conflictos en el aula*, Buenos Aires, Paidós, 1999.
- Programa de sensibilización sobre o maltrato entre iguais*, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 2005.
- Puig Rovira, J.M., *La construcción de la personalidad moral*, Barcelona, Paidós, Papeles de Pedagogía, 1996.
- Puig Rovira, J.M. e Martín García, X., *La educación moral en la escuela*, Barcelona, Edebé, 1998.
- Sánchez Rodríguez, R., *Sobre a violencia contra a muller*, Santiago de Compostela, Lúdica 7, 2002.
- Sáez, P., *Las claves de los conflictos*, Madrid, Fundación Hogar del Empleado, CIP, Madrid, 1996.
- Savater, F., *El valor de educar*, Barcelona, Ariel, 1997.

- Sebreli, J.J., *El asedio a la modernidad*, Barcelona, Ariel, 1992.
- Sedupaz, *Educación para la Paz una propuesta posible*, Madrid, los Libros de la Catarata, 1994.
- Sedupaz, *Educación en y para los derechos humanos*, Madrid, los Libros de la Catarata, 1996.
- Segura, M., *Enseñar a convivir no es tan difícil. Para quienes no saben qué hacer con sus hijos o con sus alumnos*, Bilbao, Desclée de Brouwe, 2005.
- Seminario Galego de Educación para a Paz, *En Son de Paz*, Noia-A Coruña, Toxosoutos, 1996.
- Seminario Galego de Educación para a Paz, *A tolerancia*, Noia-A Coruña, Toxosoutos, 1998.
- Seminario Galego de Educación para a Paz, *Minilibro sobre os dereitos humanos e a Convención dos dereitos de nenos e nenas*, Noia-A Coruña, Toxosoutos, 2000.
- Seminario Galego de Educación para a Paz, *Programa para a Paz e a Xustiza para o século XXI*, Noia-A Coruña, Toxosoutos, 2000.
- Seminario Galego de Educación para a Paz, *Educación para desaprender la violencia*, Madrid, Los libros de la Catarata, 2006.
- Seminario Galego de Educación para a Paz, *Educación emocional y violencia contra la mujer*, Madrid, los libros de la Catarata, 2006.
- Suckling A., e Temple, C., *Herramientas contra el acoso escolar. Un enfoque integral*, Madrid, Morata, 2006.
- Torrego e outros, *Mediación de conflictos en instituciones educativas*, Madrid, Narcea, 2000.
- Torrego, J.C., *Mediación de conflictos en instituciones educativas. Manual para la formación de mediadores*, Madrid, Narcea, 2000.
- Torrego, J.C., e Moreno, J.M., *Convivencia y disciplina en la escuela. El aprendizaje de la democracia*, Madrid, Alianza ensayo, 2003.
- Torres Santomé, J., *El currículo oculto*, Madrid, Morata, 1991.
- Trigo Martínez, L.X., *Gandhi. Vida, obra e pensamento*, SGP, Noia-A Coruña, Toxosoutos, 1998.
- UNESCO, *La tolerancia, umbral de la paz. Guía práctica de Educación para la Paz*, 1994.

Vaello Orts, J., *Resolución de conflictos en el aula*, Madrid, Santillana, 2005.

Vaello Orts, J., *Las habilidades sociales en el aula*, Madrid, Santillana, 2005.

Valero Iglesias, L.F., *Aproximación a unha educación en valores*, Barcelona, PPU, 1992.

VV.AA., *Educando para la Paz. Nuevas propuestas*, Granada, Eirene, Universidad de Granada, 1994.

VV.AA., *La educación moral en Primaria y Secundaria*, Madrid, Luis Vives, 1997.

VV.AA., *La educación moral según Lawrence Kohlberg*, Barcelona, Gedisa, 1997.

VV.AA., *Ética docente*, Barcelona, Ariel, 1998.

Anexos

ANEXO I

CONSTITUCIÓN DO OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA ESCOLAR NO CENTRO.

OBSERVATORIO
DA CONVIVENCIA ESCOLAR
NO CENTRO

DEFINICIÓN

Un órgano colexiado para reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia no centro e deseñar estratexias que se deberán adoptar para o fomento da cultura de paz e para mellorar o clima da convivencia escolar

COMPOSICIÓN

- O director ou directora do centro, que presidirá.
- O xefe ou xefa de estudos.
- De un a catro representantes do profesorado, incluída a persoa responsable da mediación escolar.
- O orientador/a do centro
- Unha persoa representante do alumnado.
- Unha persoa representante das familias.
- A persoa encargada dos programas de coeducación.
- Unha persoa representante do persoal non docente.
- Titores/as relacionados co tema a tratar en cada sesión.
- Profesionais do concello (Educación, Sanidade, Servizos Sociais...) implicados na mellora da convivencia.

FUNCIÓNS

- Dinamizar o plan de convivencia do centro.
- Elaborar un informe anual da análise da convivencia.
- Informar trimestralmente ao Consello Escolar.
- Elaborar un informe anual de análise da convivencia.
- Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados relacionados coa mellora do clima de convivencia
- Proponerlle á Administración educativa as medidas oportunas para a mellora da convivencia.

ANEXO II

ASPECTOS BÁSICOS DE AVALIACIÓN INICIAL

O punto de partida debería ser a clarificación de conceptos, de tal xeito que se eviten confusións provocadas polo uso dun mesmo termo sen que realmente para todos e todas signifique o mesmo.

Este enfoque necesita da implicación de toda a comunidade educativa, de xeito cooperativo, estruturado e organizado desde o Observatorio da Convivencia Escolar do Centro. As finalidades desta tarefa son:

- compartir os saberes acumulados pola propia comunidade educativa
- reflexionar sobre os diferentes estilos docentes, buscando as posibilidades de mellora individual e colectiva
- analizar procedementos, habilidades e destrezas utilizados na xestión da convivencia das aulas e as súas posibilidades de transferencia a outros contextos.

Un vocabulario básico de traballo podería xirar arredor de: **conflicto, violencia** (física, psicolóxica, doméstica, simbólica, virtual...), **agresividade, agresión, matonismo, acoso, vandalismo, disciplina, comportamentos disruptivos, sexismo, xenofobia, marxinación, convivencia, respecto, absentismo, tolerancia, liberdade, autonomía, autoestima, asertividade, resiliencia, civismo, empatía, mediación, colaboración, igualdade...** Esta relación de termos permanecerá aberta para poder incorporar calquera outro que poida xurdir ao longo do traballo.

O seguinte paso podería basearse na análise das actuacións desenvoltas ata o momento: actuacións individuais, puntuais, do equipo directivo, dos equipos de ciclo, do departamento de orientación, da comisión de coordinación pedagóxica, da comisión de convivencia, aquelas realizadas en colaboración con outras entidades, etc.

Tras esta reflexión poderase concluír cal foi o nivel de éxito das actuacións levadas a cabo e ata que punto significaron melloras na convivencia escolar; isto vai permitir a sistematización do que funciona ben, do que podería funcionar mellor, a substitución daquelas medidas que non funcionaron e a busca de novas actuacións non contempladas ata o momento.

ANEXO III

AVALIACIÓN DE NECESIDADES

No primeiro ano da posta en marcha do Observatorio e do Plan de Convivencia do Centro teñen unha importancia prioritaria as fases de sensibilización e de avaliación de necesidades, que se potencian mutuamente.

Na avaliación de necesidades recóllese información dos distintos puntos de vista da comunidade educativa, tendo en conta as máis amplas e variadas fontes de información e facendo unha triangulación metodolóxica que integre:

- Técnicas de cuestionario semellante para aplicar a profesorado, familias, alumnado e persoal non docente, o que permitirá comparar as distintas visións sobre a convivencia. (**ANEXO VIII: Cuestionario de Convivencia no centro educativo**)
- Técnicas cualitativas, como entrevistas, escalas de observación, paneis de profesionais ou expertos do contorno do centro educativo.
- Análise de documentos: actas de claustros e de consellos escolares, análise de partes de clase e expedientes disciplinarios.

Satisfacer as necesidades prioritarias detectadas será o obxectivo principal do Plan de Convivencia. Ao Observatorio da Convivencia Escolar no centro corresponderalle a síntese desta información e a configuración da estrutura do Plan de Convivencia para dar resposta ás necesidades.

Nos instrumentos de avaliación contemplaranse ítems sobre as necesidades pero tamén posibles causas, implicacións na vida escolar e alternativas para mellorar a convivencia nos centros educativos e no seu contorno.

ANEXO IV

ELABORACIÓN E POSTA EN PRÁCTICA DO PLAN

ALGUNHAS POSIBILIDADES DE TRABAJO

- Análise e clarificación conceptual.
- Formación do profesorado na temática: que hai e que se necesita. Vías para satisfacer as necesidades detectadas.
- Habilidades comunicativas e de relación: a linguaxe asertiva.
- Problemas que existen na comunidade educativa (alumnado-familias-profesorado).
- Liñas de colaboración con outras institucións: concello (benestar social, asuntos sociais), sanidade (centros de saúde, planificación familiar, saúde mental...), xustiza (Tutelar de menores, defensa dos/as menores...), igualdade, ONG...
- Análise das causas e das consecuencias dos problemas detectados, realizando a pertinente ordenación en función das prioridades
- Accións ou propostas para mellorar a convivencia desde a perspectiva do alumnado.
- Accións ou propostas para mellorar a convivencia desde a perspectiva do profesorado.
- Accións ou propostas para mellorar a convivencia desde a perspectiva das familias.
- Accións ou propostas para que as aulas e os centros sexan lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia.
- Accións ou propostas para mellorar o clima escolar.
- Elaboración consensuada de normas de convivencia de aula e do centro.
- Accións ou propostas para mellorar a convivencia nos distintos espazos do centro (especial atención aos accesos, patios de recreo, zonas de xogo, servizos etc.), así como nos momentos de maior actividade (entradas, saídas, cambios de clase, recreos, etc.).
- Elaboración de protocolos de notificación e actuación diante das distintas alteracións da convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...).
- Vías de sistematización do traballo da convivencia. Revisión e adaptación dos documentos de organización e de xestión.
- Constitución de equipos plurais de tratamento e de mediación nos centros, equipos integrados por persoas representantes dos distintos sectores da comunidade: formación, posta en marcha e mantemento do equipo.
- Mellora da comunicación e coordinación inter e intrasectorial: profesorado, alumnado, familias, etc.

ANEXO V

DOCUMENTOS DE AUTONOMÍA PEDAGÓXIA, ORGANIZACIÓN E XESTIÓN O PLAN DE CONVIVENCIA ESCOLAR E A SÚA INCIDENCIA NO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR E NO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

1. CONSIDERACIÓNS PREVIAS.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), incorpora, no seu artigo 121, un matiz importante no que afecta aos instrumentos de planificación, xestión e control, pois fala dun Proxecto Educativo do Centro (PEC) que:

- a) Recolla os valores, obxectivos e prioridades de actuación.
- b) Incorpore a concreción curricular que aprobe o Claustro.
- c) Recolla a forma de atender á diversidade do alumnado.
- d) Recolla a acción titorial (PAT).
- e) Incorpore o Plan de Convivencia.

Aínda que non se cita o Regulamento de Réxime Interior (RRI), é obvio -como recollen os diferentes decretos que aproban os regulamentos orgánicos dos centros de infantil, primaria e secundaria, mesmo as ordes que os desenvolven- que o RRI debe incorporarse ao PEC.

Por outra parte, tendo en conta o establecido no Decreto 120/1998 e na Orde do 24 de xullo de 1998, ambos referidos á orientación, é razoable que o Plan de Acción Titorial (PAT) e o Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) formen parte do Plan de Orientación (PO) de cada centro.

En consecuencia, estamos diante dun sistema no que se produce unha estrutura ou trama de interaccións.

Parece lóxico, pois, que calquera incorporación a esa trama -e o Plan de Convivencia é unha desas achegas- produza efectos, reaxustes, na totalidade da estrutura. Polo tanto, faise precisa unha revisión dos diferentes instrumentos, coa finalidade de buscar a complementariedade e evitar a interferencia.

Seguidamente achéganse algunhas actuacións que deben contemplarse tanto no RRI como no PAT e que deben ter a súa orixe no Plan de Convivencia.

2. O PLAN DE CONVIVENCIA E O REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR

Enténdese o RRI como o documento que establece a forma democrática de organización que adopta cada centro tomando como base os dereitos e obrigas que lle corresponden a cada integrante da comunidade educativa.

Concíbese o Plan de Convivencia como un instrumento destinado a facer dos centros educativos un espazo para a aprendizaxe da resolución pacífica dos conflitos e da convivencia democrática. Ambas expresións entendidas en sentido amplo, non só referidas ao alumnado.

En consecuencia, nos RRI, e referido ao Plan de Convivencia, faranse explícitas actuacións en elementos como os seguintes:

a) No bloque dos **principios educativos**:

- Cómpre que entre os *dereitos do alumnado* figuren os referidos a: integridade física, liberdade de conciencia, intimidade, libre expresión e confidencialidade, ser escoitado, participación na elaboración das normas de convivencia, coñecemento das normas de funcionamento e de convivencia, compensación das desigualdades e atención personalizada.
- Procede que entre os *deberes do alumnado* figuren aqueles que teñen que ver con: tolerancia e respecto á liberdade, á integridade e á dignidade de toda a comunidade educativa; coa non discriminación; coa implicación na vida do centro; co respecto ás normas democráticas de convivencia; coa asistencia regular á clase; coa cooperación e a solidariedade; coa información “confidencial” favorecedora da mellora das relacións; co coidado dos recursos e instalacións; etc.
- Cómpre que entre as *finalidades educativas* se recollan aspectos relacionados con: rexeitamento a todo comportamento discriminatorio; formación para a paz, para a fraternidade, para a resolución pacífica dos conflitos e para a convivencia; coordinación e cooperación do profesorado; promoción de metodoloxías de aprendizaxe cooperativa; promoción das relacións escola-familia; etc.

b) No bloque da **estrutura pedagóxica**:

- Deben facerse explícitos os *criterios de adscrición do profesorado*, considerando os seus destinos, especialidades e antigüidade así como as circunstancias do alumnado (necesidades específicas de apoio educativo, adaptacións curriculares, optativas, grupos de adquisición das linguas, etc.).
- Deben elaborarse *criterios* para completar os horarios do profesorado (apoios a determinado alumnado, obradoiros e biblioteca, entre outros).
- Debe articularse o *funcionamento dos equipos docentes* (reunións ordinarias, liñas de comunicación...).
- Debe facerse explícito o *control da asistencia do profesorado* e os *criterios para as substitucións*.
- Deben facerse explícitos os *criterios para a distribución do alumnado*.

- Debe establecerse o procedemento para a *escolarización e atención do alumnado procedente do estranxeiro* (avaliación inicial, adscrición, acollida e medidas a adoptar).
 - Deben facerse explícitas as *medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo* (reforzos, apoios, agrupamentos flexibles, obradoiros, adaptacións curriculares, ...).
 - Debe establecerse o *procedemento para o control da asistencia, a xustificación das faltas e a forma de ausentarse do centro* antes do remate da xornada.
- c) No bloque da **participación das familias**:
- Deben facerse explícitos os *procedementos para a implicación e a participación das familias* (obtención de información, facilitamento de información, atencións individuais, atencións colectivas, recursos para a ANPA, espazos para reunións...).
- d) No bloque das **normas de convivencia e de relación**:
- Deben estar supeditadas aos dereitos humanos, á igualdade entre os sexos e ao fomento dunha relación positiva.
 - Deben relacionarse con claridade as condutas tipificadas como graves ou moi graves.
 - As medidas de mellora, que sempre deben ter unha finalidade educativa, deben ser moi explícitas, con indicación das persoas competentes para a súa aplicación e os tempos para levalas a cabo.
 - Cómpre que figure con claridade o procedemento para a tramitación dun expediente disciplinario, con audiencia para todas as partes.

3. O PLAN DE CONVIVENCIA E O PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Se se concibe o feito educativo desde unha perspectiva sistémica e dentro dos principios construtivistas da aprendizaxe, semella claro que o labor docente non pode realizarse á marxe dunha acción titorial permanente. E nesta tarefa, encomendada na súa maior parte ao profesorado titor, ten que implicarse toda a comunidade educativa co PEC como guía.

Desde esa consideración da acción titorial, con máis razón se perciben as conexións entre o Plan de Convivencia e o Plan de Acción Titorial. Se, como indican algúns autores e autoras, para ser un bo profesor ou unha boa profesora é necesario ser: comprensivo/a, aberto/a, flexible, bo/a observador/a, amable; estar sempre dispoñible; saber: escoitar, axudar, motivar, valorar e criticar; máis necesario é todo isto, se cabe, para educar na convivencia.

En consecuencia, o desenvolvemento dun Plan de Convivencia debe considerar accións para realizar desde o Plan de Acción Titorial; é dicir, deben facerse explícitas actuacións promotoras de valores democráticos de convivencia, de cultura de negociación e diálogo, de cultura de paz. Polo tanto, debe incorporar nos seus obxectivos e nas súas actuacións, cos matices e gradacións en función dos destinatarios -alumnado, familias, profesorado-, referencias explícitas a eses valores que se poden traducir en:

a) No bloque dos **obxectivos**:

- Coñecer e valorar as características do grupo de alumnos e alumnas, tanto desde o punto de vista persoal, como no relativo á competencia curricular, ás estratexias de aprendizaxe, á motivación, aos intereses, ás preocupacións e inquedanzas, ás relacións persoais; coa finalidade de producir as respostas educativas adecuadas.
- Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado, desenvolvendo accións que favorezan a adaptación dos novos alumnos e alumnas, profesores e profesoras, e a súa interacción co resto do alumnado e do profesorado.
- Contribuír á formación integral do alumnado, en sintonía cos principios de tolerancia, igualdade, respecto, solidariedade e paz, e cara á participación razoada e responsable na toma de decisións e na solución dialogada dos conflitos.
- Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas daquilo que precisen e demanden, en especial, da importancia da estimulación dos fillos e das fillas, da promoción da súa autonomía, dos *valores* a considerar, da relación familia-alumnado-profesorado e de todo aquilo relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe e coa formación dunha sociedade para a *convivencia democrática*.

b) No bloque das **actuacións**:

- Desenvolvemento das accións previstas no programa de acollida (durante o proceso de admisión, durante a matriculación, durante a incorporación, nas transicións de etapa...).
- Revisión do expediente persoal de cada alumno e de cada alumna, para un previo coñecemento da súa realidade.
- Desenvolvemento coordinado da avaliación inicial do alumnado, coa elaboración de protocolos destinados a tal fin.
- Información, ao alumnado e ás familias, ao comezo do curso sobre a vida no centro, especialmente dos principais aspectos que figuran no RRI e na Programación Xeral Anual de cada curso (normas de funcionamento,

calendario, horarios, entradas e saídas, coidado das instalacións e dos recursos, adscrición, xustificación de faltas, normas de convivencia, medidas de mellora, canles de participación do alumnado e das familias, horarios de tutoría, actividades complementarias e extraescolares, programas escolares, criterios de avaliación e de promoción...).

- Establecemento dun horario semanal de atención individual ás familias que posibilite a participación.
- Planificación das sesións titoriais semanais (secundaria) e das temáticas que se van tratar.
- Planificación de reunións xerais coas familias e das temáticas que se van abordar.
- Establecemento dunha liña de coordinación entre o equipo docente, especialmente no que atinxe aos aspectos metodolóxicos (traballo cooperativo, aprendizaxe entre iguais, profesorado mediador, alumnado mediador...).
- Establecemento dunha liña de coordinación entre os distintos niveis, ciclos e etapas.
- Control da puntualidade e absentismo, informando puntualmente á xefatura de estudos e á familia.
- Información ao Departamento de Orientación, sobre o alumnado que presenta desaxustes no seu comportamento, incluído o rendemento académico.
- Colaboración co Departamento de Orientación nos programas previstos para cada nivel e ciclo; especialmente nas medidas de atención á diversidade (alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, alumnado inmigrante, alumnado en situación de desvantaxe sociocultural...).
- Disposición para atender e orientar as diferentes inquedanzas do alumnado.
- Asesoramento ás familias sobre o seu papel no proceso de maduración e desenvolvemento dos seus fillos e das súas fillas. Elaboración e difusión de documentos informativos sobre a infancia, adolescencia, relacións persoais, educación afectivo-emocional, etc.
- Unificación de medidas e de procedementos de intervención e modelos de informes.
- Incorporación da convivencia aos aspectos que se deben contemplar nas sesións de avaliación dos grupos.
- Información trimestral ao Consello Escolar da situación da convivencia no centro.

- Incorporación do informe sobre a convivencia á Memoria Anual de cada curso.
- c) No bloque dos **programas de acción tutorial**:
- Deseño e desenvolvemento, en colaboración co Departamento de Orientación, dalgún programa facilitador da detección precoz de dificultades de convivencia e de relación.

ANEXO VI

AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Para avaliar o Plan de convivencia tómanse como referente as actuacións marcadas. Cada unha delas debe ter persoas responsables (individualmente, equipos, grupo formado para este fin...) e uns prazos para facelo. No apartado de recursos sinalariamos todo o que nos pode ser útil (documentos, rexistros, informes, medios materiais, recursos humanos...) propios ou alleos ao noso alcance. Rematados os prazos analízase o grao de consecución.

CLAVE: 1-Rematado; 2-En proceso; 3-En inicio

ACTUACIÓN	RESPONSABLE/S	PRAZO	RECURSOS	GRAO DE CONSECUCIÓN			OBSERVACIÓNS
				1	2	3	
							Data
							Data
							Data
							Data
							Data

ANEXO VII

GUÍA PARA A ELABORACION DO PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

Ofrécese a modo orientativo unha guía aberta que cada centro deberá adaptar ás súas intencións e necesidades á hora de elaborar o Plan de Convivencia.

- 1.- Quen elabora o plan en cada centro, quen o dinamiza, quen participa...
- 2.- Que se entende por convivencia (trataríase de reflexionar e acordar unha definición propia do centro).
- 3.- Por que son relevantes as normas democráticas de convivencia.
- 4.- Cales son as finalidades da convivencia:
 - Preparar para a vida social adulta
 - Asumir e practicar os valores cívicos e democráticos (respecto polas demais persoas, respecto polo mobiliario e polos bens comúns, tolerancia crítica, solidariedade, dereitos humanos, medio natural, igualdade entre homes e mulleres...)
 - Mellorar o clima escolar (personalización e habitabilidade dos espazos, atmosfera ordenada, tranquila, relacións dentro das aulas, orde e tranquilidade, actitude de traballo, satisfacción...)
 - Atender á diversidade.
- 5.- Para que se quere un Plan.
- 6.- As características do centro desde o punto de vista da convivencia:
 - O contorno físico: situación, alumnado, equipo docente, espazos.
 - O contorno social.
 - O contorno cultural.
 - A apertura do centro ao contorno.
 - Con que recursos conta o centro.
 - Que recursos achega o contorno (concello, servizos sociais, centro de saúde, ONG, entre outros).
 - Características do alumnado e do profesorado do centro.
- 7.- Cales son os principais conflitos ou alteracións da convivencia no centro: os máis frecuentes, as súas causas, quen está implicado neles, como inflúen na vida do centro...
- 8.- Como actuamos habitualmente ante os conflitos de convivencia: grao de implicación do profesorado, das familias e do alumnado.

- 9.- Cal é a relación entre o centro e as familias e como mellorar a participación e a comunicación na elaboración do Plan de Convivencia e na vida do centro.
- 10.- Que experiencias existen (no centro) de mellora da convivencia escolar.
- 11.- Que necesidades se detectan no centro en relación coa convivencia.
- 12.- Que obxectivos se necesitan e se queren acadar co Plan de Convivencia.
- 13.- Normas básicas de convivencia que se deben compartir e impulsar.
- 14.- Como actuar diante das alteracións da convivencia. Protocolos de actuación:
 - Medidas preventivas
 - Medidas reeducadoras
 - Medidas sancionadoras
 - Disciplina e convivencia
 - Condutas contrarias ás normas de convivencia e o seu tratamento.
 - Condutas graves de alteración da convivencia e o seu tratamento.
 - Outras estratexias de intervención.
- 15.- Iniciativas e actuacións que se deben poñer en marcha no centro para mellorar a convivencia.
- 16.- En que lugares e en que tempos se organizarán.
- 17.- Quen serán os responsables de coordinalas e de poñelas en marcha.
- 18.- Con que recursos.
- 19.- A creación do Observatorio da Convivencia Escolar no centro: composición, funcións, constitución, actividades, dinamización, infraestrutura e recursos, periodicidade das reunións, acción de sensibilización e difusión entre a comunidade escolar e responsabilidades.
- 20.- Estratexias para resolver os conflitos pacificamente.
- 20.- Difusión do Plan.
- 21.- Seguimento, avaliación e mellora do Plan.
- 22.- Convivencia e Proxecto Educativo de centro (PEC).
- 23.- Convivencia e Regulamento de Réxime Interno (RRI)
- 24.- Convivencia e órganos colexiados

- 25.- Convivencia e función tutorial (Plan de Acción Tutorial): a coordinación do profesorado.
- 26.- Convivencia e equipo directivo.
- 27.- Convivencia e servizos de orientación.
- 28.- A importancia do traballo cooperativo.
- 29.- Convivencia e familias.
- 30.- Convivencia e inspección educativa.
- 31.- A convivencia nas aulas.
- 32.- Partes de incidencias, de amoestación, expediente disciplinario.
- 33.- Equipos de mediación e tratamento dos conflitos.
- 34.- Obradoiros de aprendizaxe da convivencia.
- 35.- Convivencia e formación do profesorado.
- 36.- Convivencia e innovación educativa.
- 37.- O currículo da non violencia e a educación para a convivencia.
- 38.- O fomento da educación e a cultura da paz.
- 39.- Transversalidade e convivencia.
- 40.- Convivencia e cidadanía: a nova materia da LOE.
- 41.- Protocolos e procedementos de identificación de situacións de acoso escolar:
 - Co alumnado presuntamente acosado.
 - Coas persoas que observan pasiva ou activamente.
 - Cos familias de quen sofre a situación.
 - Coas familias da persoa presunta agresora.
 - Coa persoa presunta agresora.

ANEXO VIII

CUESTIONARIO DE CONVIVENCIA ESCOLAR NO CENTRO EDUCATIVO

Cuestionario para ser cuberto polo profesorado, o alumnado, as familias e o persoal non docente para logo comparar as distintas visións e articular medidas integrais de mellora da convivencia.

A avaliación de necesidades completarase con entrevistas abertas aos distintos profesionais de sanidade, dos servizos sociais e de asociacións integrados no Observatorio de Convivencia. Ademais, farase unha análise cualitativa dos partes de faltas das distintas clases así como dos expedientes sancionadores a alumnos.

A elaboración da síntese desta información e das correspondentes propostas de mellora corresponderalle ao Observatorio de Convivencia.

I. Valoración global da convivencia: segundo a seguinte escala valorativa: 1 (moi malo), 2 (malo), 3 (regular), 4 (normal), 5 (bo), 6 (moi bo), 7 (excelente)

1. Como valora os seguintes aspectos da convivencia no seu centro?

- O clima de traballo e as relacións entre o profesorado	1 2 3 4 5 6 7
- As relacións co equipo directivo	1 2 3 4 5 6 7
- As relacións do profesorado co alumnado	1 2 3 4 5 6 7
- As relacións do alumnado co profesorado	1 2 3 4 5 6 7
- As relacións entre o alumnado	1 2 3 4 5 6 7
- As relacións do profesorado coas familias	1 2 3 4 5 6 7
- As relacións das familias co profesorado	1 2 3 4 5 6 7
- As relacións do persoal non docente co resto da comunidade educativa	1 2 3 4 5 6 7
- As relacións da comunidade educativa co contorno escolar	1 2 3 4 5 6 7
- As relacións do centro cos servizos sociosanitarios	1 2 3 4 5 6 7
- As relacións coa Administración educativa	1 2 3 4 5 6 7

2. Os conflitos que se producen con máis frecuencia son:

1 (nunca), 2 (moi pouco), 3 (pouco), 4 (algunhas veces), 5 (bastantes veces), 6 (moitas veces), 7 (sempre).

- Entre profesorado e o equipo directivo	1 2 3 4 5 6 7
- Entre profesorado	1 2 3 4 5 6 7
- Entre profesorado e alumnado	1 2 3 4 5 6 7
- Entre alumnado	1 2 3 4 5 6 7
- Entre o profesorado e as familias	1 2 3 4 5 6 7
- Entre pais/nais e fillos/as	1 2 3 4 5 6 7
- Entre as familias	1 2 3 4 5 6 7
- Entre o centro escolar e a administración educativa	1 2 3 4 5 6 7
- Entre o centro escolar e o concello	1 2 3 4 5 6 7
- En relación co personal non docente	1 2 3 4 5 6 7

3. Cales dos seguintes conflitos se teñen producido con máis frecuencia no centro nos últimos anos?

- Agresións verbais entre alumnado	1 2 3 4 5 6 7
- Agresións físicas entre alumnado	1 2 3 4 5 6 7
- Agresións verbais de profesorado a alumnado	1 2 3 4 5 6 7
- Agresións físicas de profesorado a alumnado	1 2 3 4 5 6 7
- Agresións verbais de alumnado a profesorado	1 2 3 4 5 6 7
- Agresións físicas de alumnado a profesorado	1 2 3 4 5 6 7
- Intimidación e acoso entre alumnado	1 2 3 4 5 6 7
- Problemas entre o profesorado	1 2 3 4 5 6 7
- Vandalismo ou deterioro grave nas cousas	1 2 3 4 5 6 7
- Roubos	1 2 3 4 5 6 7
- Problemas co consumo de drogas	1 2 3 4 5 6 7
- Condutas disruptivas nas aulas (interromper a clase)	1 2 3 4 5 6 7
- Indisciplina (insultos, malas contestacións, falta respecto)	1 2 3 4 5 6 7
- Acoso sexual	1 2 3 4 5 6 7
- Absentismo e deserción escolar	1 2 3 4 5 6 7

4. Na súa opinión, cales das seguintes iniciativas serían útiles para mellorar a convivencia no centro educativo?:

1 (nada), 2 (moi pouco), 3 (pouco), 4 (algo), 5 (bastante), 6 (moito), 7 (moitísimo ou a que máis)

- Reforzar a disciplina no centro	1 2 3 4 5 6 7
- Consensuar normas entre alumnado e profesorado	1 2 3 4 5 6 7
- Favorecer o traballo cooperativo entre o alumnado	1 2 3 4 5 6 7
- Unificar os criterios de actuación entre o profesorado	1 2 3 4 5 6 7
- Darlle máis participación ás familias na xestión do centro	1 2 3 4 5 6 7
- Colaborar cos servizos sociais, de saúde e asociacións	1 2 3 4 5 6 7
- Mellorar as relacións entre profesorado e familias	1 2 3 4 5 6 7
- Mellorar as condicións de traballo do profesorado	1 2 3 4 5 6 7
- Facer grupos de alumnado máis reducidos	1 2 3 4 5 6 7
- Mellorar os recursos do centro educativo	1 2 3 4 5 6 7
- Formar ao profesorado sobre resolución de conflitos	1 2 3 4 5 6 7
- Informar ás familias sobre estratexias diante dos conflitos	1 2 3 4 5 6 7
- Facer grupos de mediación en conflitos nos centros	1 2 3 4 5 6 7
- Adaptar o currículo ás necesidades do alumnado	1 2 3 4 5 6 7
- Utilizar unha metodoloxía máis activa e participativa	1 2 3 4 5 6 7
- Utilizar un estilo docente respectuoso e positivo	1 2 3 4 5 6 7

ANEXO IX **INFORMACIÓN SOBRE POSIBLE CASO DE ACOSO ESCOLAR**

CENTRO:	
ENDEREZO:	
TELÉFONO:	
CORREO ELECTRÓNICO:	

ORIXE DA INFORMACIÓN:

Profesor/a do grupo	
Outro/a profesor/a	
Titor/a	
Orientador/a	
Persoal non docente	
Agredido/a	
Observador/a	
Familia da persoa agredida	
Outro pai ou nai	
Servizos médicos	
Asistencia social	
Outros (_____)	

PERSOA ACOSADA:

NOME:	
CURSO:	
GRUPO:	

FEITOS OCORRIDOS:

DESCRICIÓN DE FEITOS	MEDIDAS EN CURSO

ANEXO X

INDICADORES ESCOLARES SOBRE UN POSIBLE CASO DE ACOSO ESCOLAR

CENTRO:	
ALUMNO/ALUMNA:	
GRUPO:	

CONDUTAS		SEMPRE	ÁS VECES
RELACIÓNS SOCIAIS	Cambios nos tempos de chegada e saída da escola		
	Cambios nos itinerarios de ida e volta ao centro		
	Cambios na súas relacións persoais (compañeiros/as non habituais) no centro		
	Cambios na súas relacións persoais (compañeiros/as non habituais) fóra do centro		
	Busca acompañarse de persoas adultas		
	Busca da soidade no centro		
	Busca da soidade fóra do centro		
	Abandono de actividades que antes lle interesaban sen razón aparente		
	Descoida o seu aspecto físico		
ESTADOS DE ÁNIMO	Estado de ansiedade		
	Preocupación		
	Pechamento sobre si mesmo/a		
	Desconfianza		
	Desinterese		
	Tendencia á tristeza e a chorar facilmente		
	Nerviosismo repentino		
	Dificultades de comunicación nas tarefas		
	Dificultades de comunicación nas relacións co grupo		
	Cambios de humor		
	Molestias físicas (vómitos, dores...)		
	Diminución da autonomía persoal		
	Inseguridade, desconfianza en si mesmo/a		
	Negativa a falar sobre a situación		
	Actuacións agresivas		
ACTITUDES NA TAREFA ESCOLAR	Dificultades de concentración nas tarefas		
	Actitude negativa ante as tarefas		
	Diminución da calidade dos seus traballos		
	Actitude pasiva xeral (tenta pasar sempre desapercibido/a)		
	Actitude pasiva ante situacións violentas nas que non está implicado/a		
	Prefire traballar só/soa		
	Baixa no seu rendemento escolar		
	Diminución da autoestima		
	Puxéronlle alcumes que non lle gustan		
	En actividades de grupo non é elixido/a		
	Desaparécenlle pertenzas escolares ou persoais		
	Actitude pasiva		
	Fai actividades ou tarefas que non lle corresponden		
	Non se presta para participar en actividades voluntarias		
	Desinterese en actividades a realizar fóra do horario habitual		

ANEXO XI

INDICADORES FAMILIARES SOBRE UN POSIBLE CASO DE ACOSO ESCOLAR

CENTRO:	
ALUMNO/ALUMNA:	
GRUPO:	

CONDUTAS		SEMPRE	ÁS VECES
RELACIÓNS SOCIAIS	Cambios nos tempos de chegada e saída da escola		
	Cambios nos itinerarios de ida e volta ao centro		
	Cambios na súas relacións persoais (compañeiros/as non habituais) fóra do centro		
	Busca acompañarse de persoas adultas		
	Busca da soidade fóra do centro		
	Abandono de actividades que antes lle interesaban sen razón aparente		
	Descoida o seu aspecto físico		
	Comentarios negativos sobre a súa clase ou o seu centro escolar		
	Prefire quedar na casa a saír		
ESTADOS DE ÁNIMO	Estados de ansiedade		
	Preocupación		
	Pechamento sobre si mesmo/a.		
	Desconfianza		
	Desinterese		
	Tendencia á tristeza e a chorar facilmente		
	Nerviosismo repentino		
	Cambio nas rutinas relacionadas co sono		
	Cambio nas rutinas de alimentación		
	Cambios de humor		
	Molestias físicas (vómitos, dores...)		
	Inseguridade, desconfianza en si mesmo/a		
	Actuacións agresivas (malas contestacións, agresividade con irmáns/ás...)		
OUTRAS ACTITUDES	Actitude negativa ante as tarefas escolares		
	Diminución da calidade dos seus traballos		
	Desaparécenlle pertenzas escolares ou persoais		
	Fai actividades ou tarefas que non lle corresponden		
	Pide máis cartos dos habituais		
	Deixa de recibir visitas, chamadas ... de amigos/as		
	Nerviosismo en momentos de saír da casa		
	Nerviosismo ante o teléfono, uso de Internet, móbil...		
	Rompe pertenzas, traballos... sen razón		
	Desinterese en actividades que antes lle interesaban (deporte, cine, música...)		
	Non quere falar das súas relacións		

ANEXO XII

MODELO DE INFORME DE ACOSO ESCOLAR

DATOS DO CENTRO:

CENTRO:	
ENDEREZO:	
TELÉFONO:	
CORREO ELECTRÓNICO:	
TITOR/A:	

DATOS DOS/AS IMPLICADOS/AS

a) Presunta vítima:

NOME E APELIDOS:	
CURSO:	
GRUPO:	

b) Presuntos/as acosadores/as:

NOMES E APELIDOS:	
CURSOS:	
GRUPOS:	

c) Testemuñas:

ALUMNOS/AS: (especificar nomes e cursos)	
PROFESORES/AS:	
PERSOAL NON DOCENTE:	
OUTRAS PERSOAS: (especificar nomes e relación co centro se a hai)	

DATOS SOBRE OS SUCEOS OCORRIDOS

1) Lugar, datas, frecuencia:

LUGAR	DATAS	REPETIDAMENTE (SI/NON)
Clase do grupo		
Outra clase (informática, música, plástica...). Cal? _____		
Patio		
Baños		
Vestuario/ximnasio		
Corredores		
Comedor		
Autobús		
Accesos ao centro		
Fóra do centro		
Outros (_____)		

2) Tipo de acoso:

CLAVE: 1-Raramente; 2-De cando en vez; 3-Habitualmente; 4-Diariamente.

TIPO	ACCIÓN	REPETICIÓN			
		1	2	3	4
VERBAL	Alcumes				
	Insultos				
	Provocacións				
	Desprestixio (comentarios en relación co aspecto físico, raza, relixión, costumes...)				
	Ridiculización pública				
	Linguaxe non verbal despectiva				
	Comentarios sexistas ou xenófobos				
	Outros. Cales? _____				
FÍSICO	Incomodar (descolocarlle as cousas, empuxóns suaves, tirarlle da roupa...)				
	Agocharlle as súas cousas				
	Intimidación (ameazas de violencia física, amago de pegarlle...)				
	Agresións leves				
	Golpes illados				
	Tundas				
	Extorsión (facer cousas doutros/as, traer cartos...)				
	Outros. Cales? _____				

TIPO	ACCIÓN	REPETICIÓN			
		1	2	3	4
SOCIAL	Non dirixirle a palabra				
	Buscar o seu illamento no grupo e no centro				
	Difundir informacións falsas sobre a persoa				
	Humillacións				
	Ridiculización das súas opinións, gustos, aspecto... na súa presenza ou na súa ausencia				
	Comentarios negativos sobre o grupo ao que pertence (sexo, raza, relixión...)				
MEDIOS TÉCNICOS	Outros. Cales? _____				
	Mensaxes de móbil ofensivas, intimidatorias ou non desexadas				
	Correo electrónico ofensivo, intimidatorio ou non desexado				
	Utilización da súa imaxe sen permiso				
	Utilización da súa imaxe modificada para ridiculizar				
	Outros. Cales? _____				
OUTROS					
OBSERVACIÓNS (información relevante non incluída, consecuencias observadas na vítima, accións xa en marcha, posibles accións a curto prazo, conclusións...)					

Data e sinatura

RESPONSABLE DO INFORME

DIRECCIÓN DO CENTRO

ANEXO XIII

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN UNHA VEZ DETECTADO O ACOSO

Aínda que a liña de actuación prioritaria que se recolle nesta publicación vai enfocada á prevención e á paulatina mellora da convivencia escolar, cómpre establecer protocolos comúns de actuación unha vez que situacións graves, como o acoso, están documentadas e probadas.

É imprescindible diferenciar claramente outro tipo de manifestacións violentas (sen continuidade no tempo, sen inferioridade dalgunha das persoas participantes,...) dos casos de verdadeiro acoso escolar. As situacións de acoso veñen definidas pola coincidencia simultánea de:

- evidente intención de facer dano
- condutas agresivas reiteradas
- desequilibrio de forzas entre a persoa ou persoas acosadoras e a vítima.

Non debemos esquecer tampouco que calquera membro da comunidade educativa ten a obriga de poñer en coñecemento do equipo directivo do centro a posible existencia de indicios razoables dunha situación desta índole. A partir desta detección hai que realizar unha recollida de información e contraste da mesma, que permita tomar a decisión máis axeitada a cada caso concreto.

En distintos anexos deste volume pódense atopar modelos de recollida e estruturación da información para facilitar a tarefa de investigación que hai que levar a cabo.

Unha vez constatado que realmente se está ante un caso de acoso escolar, os pasos que haberá que seguir serán os seguintes:

1.-A dirección do centro redactará un informe no que se reflectan os datos significativos recollidos na investigación, que se remitirá á Inspección Educativa.

2.-O centro informará da situación á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e á Fiscalía de Menores. Estas institucións débense poñer en contacto cos Servizos Sociais do Concello, se existen e, de non existir, con Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

3.-Convén estar en contacto cos distintos servizos e institucións para realizar actuacións coordinadas.

4.-A dirección do centro manterá informado do proceso que se está a seguir ao Consello Escolar, que é o responsable de impoñer as oportunas correccións.

5.-O expediente seguirá o curso establecido no *Real Decreto 732/1995*, do 5 de maio de 1995, *dereitos e deberes dos alumnos e normas de convivencia* (Capítulo III). En todo caso, ao intervir a Fiscalía de Menores, o expediente quedará en suspenso en espera da correspondente resolución xudicial.

6.-O centro educativo arbitrará medidas de actuación, complementarias ás correctivas, que permitan paliar os efectos negativos da situación de acoso e eviten que se repita. Para a organización das mesmas é fundamental ter en conta a información recollida ao longo do proceso de investigación para poder adaptalas a cada caso en concreto en función das súas características. Estas actuacións levaranse a cabo coa vítima, coa persoa ou persoas agresoras e coas persoas observadoras en particular, e, dun xeito máis global, con toda a comunidade educativa.

É moi importante a contextualización destas actuacións e que nelas estean involucradas todas as persoas ou institucións que poidan contribuír positivamente: equipo directivo, titorías, profesorado, departamento de orientación, familias, persoal non docente, equipos de orientación específicos, servizos sociais, Fiscalía de Menores, ONG, asociacións (veciñais, culturais, etc.)...

7.-Estas actuacións deben ser coñecidas polo Consello Escolar, que valorará a súa eficacia.

ANEXO XIV

GUÍA PARA A CLARIFICACIÓN DE POSIBLES PROBLEMÁTICAS NO CENTRO

No traballo arredor da convivencia é moi importante, como base de partida, coñecer o punto de vista de todas as persoas. A continuación ofrécese unha liña de traballo que posibilitará a colaboración do profesorado no camiño de clarificar e avaliar a situación inicial de cara a deseñar posibilidades de actuación. Trátase dunha guía aberta que cada centro poderá adaptar ás súas intencións e necesidades.

Paso 1.- A bóla de neve

Tipo de traballo.- Individual

Finalidade.- Recoller información sobre a posible problemática do centro educativo. Ten tamén outras aplicacións.

A idea principal é que cada persoa realice, de xeito individual, unha lista daquelas cuestións que considere, neste caso concreto, que afectan á convivencia escolar e que xeran problemas ou conflitos.

Danse *dúas posibilidades*: pódese elaborar a lista nunha reunión conxunta ou recoller as listas elaboradas individualmente na casa. Tanto a primeira como a segunda opción teñen vantaxes e inconvenientes e optarase por unha ou outra segundo a situación de cada centro.

As instrucións para a súa elaboración son as seguintes:

“Fai unha lista sobre cales son os problemas que temos en relación coa CONVIVENCIA no noso centro, tendo en conta que:

- temos que expresarnos con sinceridade,*
- buscamos problemas nos que poidamos intervir para solucionarlos,*
- debemos expoñer os problemas que queremos ter resoltos ou en vías de solución a curto e medio prazo,*
- trataremos de ser breves nos enunciados.*

Paso 2.- Philips seis-seis

Tipo de traballo.- Pequeno grupo – gran grupo.

Finalidade.- Eliminar coincidencias mediante a posta en común das achegas de cada persoa; primeiro nun grupo pequeno (unhas seis persoas) e posteriormente coa totalidade do grupo.

A idea principal é o paso do individual ao colectivo, para obter unha lista única na que se recollan todas as preocupacións sobre a convivencia no centro e os problemas observados que preocupan a todas e cada unha das persoas participantes.

As instrucións para a elaboración da listaxe única son as seguintes:

“Todos temos unha lista, que recolle a nosa reflexión individual sobre a convivencia no centro, para facer máis rápido e operativo o traballo. Ímonos reunir de seis en seis (o número de integrantes de cada equipo dependerá da realidade de cada centro) e recoller nunha lista única as opinións de todo o grupiño, tendo en conta que:

- temos que escoller un voceiro/a,*
- debemos evitar as repeticións,*
- debemos evitar as discusións,*
- podemos e deberemos fundir dúas anotacións similares nunha soa, pero incluíndo as matizacións e clarificacións que se consideren oportunas.*

Despois repetiremos o mesmo proceso no gran grupo, onde cada voceiro/a fará a achega recollida no pequeno grupo ata elaborar unha listaxe única onde aparezan reflectidos todos os problemas preocupantes en relación coa convivencia escolar”.

Paso 3.- A categorización.-

Tipo de traballo.- De grupo (dependendo do tamaño do grupo, se non é operativo pódese empregar a mesma técnica do paso 2).

Finalidade.- Distribución da listaxe total en categorías que permitan unha reflexión máis profunda.

A idea principal é incluír en cada categoría aqueles problemas susceptibles dunha abordaxe similar desde a planificación.

As instrucións para a elaboración das distintas categorías son as seguintes:

“Agora que xa temos recollidos todos os problemas que nos parecen preocupantes a todos e todas, intentaremos buscar os puntos de encontro entre eles, as distintas relacións causais e todo o que consideremos significativo para facer unha categorización dos mesmos

que nos permita posteriormente optimizar a toma de decisións sobre as posibles medidas que deberemos adoptar.

Iniciamos o traballo co debate, moderado por alguén do grupo, sobre as achegas da listaxe ata conseguir unha categorización consensuada”

Paso 4.- As prioridades. O diamante.

Tipo de traballo.- De grupo (dependendo do tamaño do grupo, se non é operativo pódese empregar a mesma técnica do paso 2).

Finalidade.- Establecer as liñas de acción prioritarias para a mellora da convivencia no centro.

A idea principal é establecer prioridades seguindo os criterios acordados, ben cualitativos, ben cuantitativos, que reflectan as necesidades de actuación máis urxentes.

As instrucións para o establecemento de prioridades son as seguintes:

“Unha vez feitas as categorías coas situacións problemáticas que nos preocupan, deberemos ser capaces de chegar a un consenso sobre por onde debemos empezar a traballar, polo tanto temos que:


-Establecer os criterios de selección, que poden ser cualitativos, como a urxencia, a importancia ou a factibilidade, ou cuantitativos, como o número de votos que recibe cada un dos apuntamentos. Cabe sinalar que non sempre a elección máis votada cuantitativamente é a prioritaria, polo que sería interesante apoiarse máis en criterios cualitativos.

-As categorías anteriormente establecidas numéranse e todas as persoas teñen a listaxe onde se plasman estas cos problemas que recolle cada unha delas.

-Debuxamos o diamante e tentamos facer a distribución das categorías dentro do mesmo, de acordo cos criterios establecidos para a súa priorización, e intentando acadar sempre o consenso.

-Para facer esta colocación teremos que ter en conta que o que consideremos máis importante terá que ir no vértice do diamante e que o resto das casiñas se cubrirán consensuando posturas, ata chegar a enchelo coas nove que consideremos de atención prioritaria.”

DOCUMENTO 1



O diamante

Finalmente, o diamante reflectirá as actuacións base do Plan de Convivencia, a partir das cales poderemos empezar a propoñer e deseñar propostas de mellora.

DOCUMENTO 2.

Podemos traballar os problemas que constitúen o diamante cun modelo como este:

Causas	PROBLEMA	Consecuencias
	Problema:	
	Problema:	
	Problema:	
	Problema:	
	Problema:	
	Problema:	

DOCUMENTO 3

Para reflexionar sobre os problemas podemos preguntarnos que facemos cando aparece un, que funciona, que non e que máis podemos facer. Trátase de pararnos a pensar no que facemos e como funciona. Haberá que potenciar as medidas que funcionan e non usar ou introducir reformas nas que non funcionan. O seguinte paso sería pensar en que máis poderíamos facer que non estamos facendo.

Problema	Que facemos	Como funciona	Que máis poderíamos facer
Problema:	Acción 1 Acción 2 Acción 3	Nunca/Ás veces/Case sempre/Sempre	
Problema:	Acción 1 Acción 2 Acción 3	Nunca/Ás veces/Case sempre/Sempre	
Problema:	Acción 1 Acción 2 Acción 3	Nunca/Ás veces/Case sempre/Sempre	
Problema:	Acción 1 Acción 2 Acción 3	Nunca/Ás veces/Case sempre/Sempre	

DOCUMENTO 4

Para buscar liñas de acción que necesariamente deben conectar coas causas e dar solución ás consecuencias:

PROBLEMAS	POSIBLES ACCIÓNS
Problema 1:	Co alumnado: Co profesorado: Coas familias: Na aula: No centro: Na comunidade:
Problema 2:	Co alumnado: Co profesorado: Coas familias: Na aula: No centro: Na comunidade:
Problema 2:	Co alumnado: Co profesorado: Coas familias: Na aula: No centro: Na comunidade:

Con toda a información recollida nestes documentos máis a que acheguen as enquisas poderemos ter claras as liñas de traballo para elaborar o “plan de acción” que sería o corpo do Plan de Convivencia.

ANEXO XV

OS SOCIOGRAMAS : INDICADORES DO CLIMA DA AULA.

Determinar o clima social dun grupo permite, en moitas ocasións, comprender as conductas que se producen, detectar ás persoas illadas dentro do grupo, o liderado doutras, etc. e, deste xeito, facilita a toma de decisións á hora de abordar as posibles situacións perturbadoras da convivencia escolar.

Os procedementos sociométricos proporcionan a posibilidade de avaliar en pouco tempo e con grande validez as relacións entre compañeiros/as, permitindo obter información tanto do nivel de integración de cada alumno e alumna, como dos contextos en que se desenvolve.

Basicamente, os sociogramas consisten en preguntarlles a todos os membros dun determinado grupo (por exemplo, unha clase) acerca do resto para coñecer, así, o status medio de cada alumno ou alumna, o seu nivel de popularidade, as súas oportunidades para o establecemento de relacións de amizade e os atributos perceptivos polos que máis destaca.

Neste anexo inclúense os seguintes cuestionarios, adaptados da proposta do CNICE no seu portal de convivencia (citado no capítulo de “Recursos”):

1. Cuestionario sociométrico para nenos e nenas (CSN), de 6 a 10 anos.
2. Cuestionario sociométrico para preadolescentes (CSP), de 11 a 13 anos.
3. Cuestionario sociométrico para adolescentes (CSA), de 14 a 18 anos.

Normas de aplicación.- Antes de iniciar a aplicación dunha técnica sociométrica, convén:

- Crear un clima positivo favorecedor da sinceridade nas respostas, sobre todo entre preadolescentes e adolescentes, que poden tender á suspicacia.
- Deixar claro o carácter confidencial da proba, que só se utilizará para a composición de grupos ao longo do curso.
- Comprobar que foron entendidas as instrucións de realización.
- Impedir que os rapaces e rapazas se comuniquen entre si, porque os resultados poderían verse afectados.

- Deixar tempo para a súa realización.
- Indicar que cada estudante deberá sinalar nas preguntas dos cuestionarios un máximo de tres compañeiros ou compañeiras, tendo en conta tamén as persoas ausentes ese día.

Normas de corrección e interpretación.- Convén sinalar que neste documento só se ofrece unha primeira aproximación ás técnicas sociométricas, de tal xeito que, con pouco esforzo, se poida recoller información interesante sobre as dinámicas sociais da aula. Porén, de considerarse oportuno, pódese realizar un estudo máis complexo (matrices sociométricas) apoiándose nalgún manual sobre o tema ou nalgún dos libros citados na bibliografía.



Unha vez contestadas as enquisas, é necesario adoptar criterios unánimes que simplifiquen o tratamento da información e faciliten a súa valoración e a elaboración do sociograma, que recollerá de maneira gráfica o clima xeral da aula, as persoas rexeitadas, elixidas, illadas, etc.

Pódense adoptar, por exemplo, os seguintes criterios, tendo sempre en conta que é conveniente escribir as iniciais do alumnado en cada símbolo:

SÍMBOLOS DO SOCIOGRAMA	
INDIVIDUAIS	
Alumno	
Alumna	
Alumno extragrupal	
Alumna extragrupal	
CRITERIOS DE RELACIÓN	
Elección	
Rexeitamento	
Reciprocidade de elección	
Reciprocidade de rexeitamento	
Percepción de elección	
Percepción de rexeitamento	


Para que os gráficos queden máis claros é conveniente analizar, por un lado, as eleccións e, por outro, os rexeitamentos.

Tamén é interesante a valoración separada de cada un dos ítems e non só a valoración global de ítems positivos e negativos

ESTRUTURAS (poden ser de elección ou de rexeitamento)	
Díade ou reciprocidade	
Triade ou triángulo	
Cadea (pode ser aberta ou pechada)	
Estrela (con ou sen reciprocidade)	

Exemplo de sociograma grupal de elección en diana:


No centro as persoas máis votadas e na periferia as que menos eleccións recibiron. Comprobamos deste xeito as relacións de reciprocidade e eleccións unidireccionais



Exemplo de sociograma individual de elección. Átomo social:

Neste caso comprobamos as relacións dunha soa persoa e, polo tanto, perdemos a información do resto do grupo que non se relaciona con ela, pero si pode manter relacións entre si.

Tamén podemos integrar este átomo nunha diana na que aparezan o resto dos integrantes do grupo (**constelación**). Deste xeito, veremos se algunha persoa deste átomo ten relacións fóra del.



CUESTIONARIO SOCIOMÉTRICO PARA NENOS E NENAS (6-10)

NOME.....**APELIDOS**.....

CENTRO.....**CURSO**.....**CLASE**.....

1. Quen son os tres nenos ou nenas da túa clase cos que máis che gusta xogar?

Por que che gusta xogar con eles ou con elas?

2. Quen son os tres nenos ou nenas da túa clase cos que menos che gusta xogar?

Por que non che gusta xogar con eles ou con elas?

3. ADIVIÑA quen é o neno ou a nena da túa clase:

3.1. que ten máis amigos e amigas

3.2. máis triste

3.3. a quen máis quere o profesorado

3.4. máis alegre

3.5. que máis axuda aos demais.....

3.6. que máis sabe.....

3.7. que menos amigos e amigas ten.....

3.8. que máis molesta aos demais.....

3.9. que menos sabe

3.10. a quen menos quere o profesorado

CUESTIONARIO SOCIOMÉTRICO PARA PREADOLESCENTES (11-13)

NOME.....**APELIDOS**.....

CENTRO.....**CURSO**.....**CLASE**.....

1. Quen son os tres rapaces ou rapazas da túa clase cos que máis che gusta traballar?

Por que che gusta traballar con eles ou con elas?

2. Quen son os tres rapaces ou rapazas da túa clase con quen menos che gusta traballar?

Por que non che gusta traballar con eles ou con elas?

3. Quen son os tres rapaces ou rapazas da túa clase con quen máis che gusta estar durante o tempo libre (saír, nos recreos...)?

Por que che gusta estar con eles ou con elas?

4. Quen son os tres rapaces ou rapazas da túa clase con quen menos che gusta estar durante o tempo libre (saír, nos recreos...)?

Por que non che gusta estar con eles ou con elas?

5. Quen é o rapaz ou a rapaza de a túa clase que destaca por:

- 5.1. ter moitos amigos/as.....
- 5.2. non ter amigos/as.....
- 5.3. levarse ben co profesorado
- 5.4. levarse mal co profesorado
- 5.5. ser simpático cos compañeiros e compañeiras
- 5.6. ser antipático cos compañeiros e compañeiras
- 5.7. a súa capacidade para atender e escoitar aos demais
- 5.8. estar frecuentemente chamando a atención dos demais
- 5.9. a súa capacidade para resolver conflitos entre compañeiros/as.....
- 5.10. a súa agresividade
- 5.11. saber comunicarse
- 5.12. ter problemas para comunicarse.....

CUESTIONARIO SOCIOMÉTRICO PARA ADOLESCENTES (14-18)

NOME.....**APELIDOS**.....

CENTRO.....**CURSO**.....**CLASE**.....

1. Quen son os tres rapaces ou rapazas da túa clase con quen máis che gusta traballar?

Por que che gusta traballar con eles ou con elas?

2. Quen son os tres rapaces ou rapazas da túa clase con quen menos che gusta traballar?

Por que non che gusta traballar con eles ou con elas?

3. Quen son os tres rapaces ou rapazas da túa clase con quen máis che gusta estar durante o tempo libre (saír, nos recreos...)?

Por que che gusta estar con eles ou con elas?

4. Quen son os tres rapaces ou rapazas da túa clase con quen menos che gusta estar durante o tempo libre (saír, nos recreos...)?

Por que non che gusta estar con eles ou con elas?

5. Quen é o rapaz ou rapaza da túa clase que destaca por:

- 5.1. ter moitos amigos
- 5.2. ter poucos amigos
- 5.3. levarse ben co profesorado
- 5.4. levarse mal co profesorado
- 5.5. ser simpático ou simpática cos compañeiros/as
- 5.6. ser antipático ou antipática cos demais
- 5.7. a súa capacidade para entender aos demais
- 5.8. non entender aos demais
- 5.9. a súa agresividade
- 5.10. a súa capacidade para resolver conflitos entre os compañeiros e compañeiras
- 5.11. estar disposto ou disposta a axudar aos demais
- 5.12. a súa falta de comprensión ante a debilidade dos demais
- 5.13. saber comunicarse
- 5.14. ter problemas para comunicarse
- 5.15. ocultar a súa inseguridade tratando de parecer todo o contrario
- 5.16. sentirse fracasado/a
- 5.17. sentirse superior
- 5.18. querer chamar sempre a atención
- 5.19. ser inmaturo/a

